

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CULLEREDO CELEBRADA O DÍA VINTE E CATRO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Ramón Rioboo Castro, alcalde-presidente (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

D^a. María Guadalupe Pombo Carril (PSdeG-PSOE)
D^a. Marta María Figueroa Fuentes (PSdeG-PSOE)
D.. Juan Carlos Iglesias Lovelle (PSdeG-PSOE)
D^a. Marta María Iglesias Becerra (PSdeG-PSOE)
D^a. Jessica Méndez Sánchez (PSdeG-PSOE)
D. Mario Alfonso Iglesias Gómez (PSdeG-PSOE)
D^a. María Penélope López Díaz (PSdeG-PSOE)
D. Carlos Liñares Gestal (PSdeG-PSOE)
D^a. Susana Amor Fernández (PSdeG-PSOE)
D. Abraham Seijas González (PSdeG-PSOE)
D. Alfonso Rico Vereá (PP)
D. Antón Prieto García (PP), *que se incorpora no momento que se expresa no presente borrador.*
D. Enrique Antonio Chouciño Garrido (BNG)
D^a. María Beatriz Pérez Mosquera (BNG)
D^a. María Alicia Ferreiro Varela (Alternativa dos Veciños)
D. Eduardo José Mourelle Botana (Alternativa dos Veciños)
D^a. Sandra María Marzoa García (Alternativa dos Veciños)

Non asisten::

D. Miguel Suárez García (PSdeG-PSOE)
D^a. Izaskun García Gorostizu (PP)
D. Gonzalo Méndez Mosqueira (BNG)

O Secretario:

D. Francisco Javier Varela Tejedor

A Interventora:

D^a. Sonia Corral Corral

Na sala de sesións da Casa do Concello de Culleredo, ás trece horas e trinta minutos do día vinte e catro de novembro de dous mil vinte e dous, reúnese en sesión ordinaria o Pleno municipal, en primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto as persoas membros do Pleno do Concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don José Ramón Rioboo Castro.

Foron asistidos polo Secretario xeral accidental e Interventora municipais.

C.I.F. P-1503100-H

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

Código do documento	Código do expediente
USG17I00K0	USG/2022/198
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
005P 4Z5O 4X5X 6N58 0HOX	

1.- PROPOSTA DE LECTURA E APROBACIÓN. SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (SESIÓN ORDINARIA DE DATA 27/10/2022).

A Presidencia dá conta da proposta da Alcaldía-Presidencia de data 21/11/2022 (código de documento USG16I04LI), que se transcribe no seu literal:

“PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DE ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

SESIÓN ORDINARIA 27/10/2022

(Expediente USG/2022/173)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 27/10/2022

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 27/10/2022

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. alcalde don José Ramón Rioboo Castro.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións relativas ao contido do borrador da acta correspondente, sométese a votación o borrador da acta da sesión anterior.

Sométese a votación o borrador da acta da **sesión ordinaria do día 27.10.2022**; sométese a votación a proposta de acordo quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 16 votos** a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo Político do PSdG-PSOE (10) don José Ramón Rioboo Castro, dona María Guadalupe Pombo Carril, dona Marta María Figueroa Fuentes, don Juan Carlos Iglesias Lovelle, dona Marta María Iglesias Becerra, dona Jéssica Méndez Sánchez, don Mario Alfonso Iglesias Gómez, dona María Penélope López Díaz, don Carlos Liñares Gestal e don Abraham Seijas González; do Grupo Partido Popular de Culleredo (1), don Alfonso Rico Vereá; do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (2), don Enrique Antonio Chouciño Garrido e dona Beatriz Pérez Mosquera, do Grupo Municipal Alternativa dos Veciños (3), dona María Alicia Ferreiro Varela, don Eduardo José Mourelle Botana e dona Sandra María Marzoa García, e **1 ABSTENCIÓN** da concelleira do Grupo Político do PSdG-PSOE (1), dona Susana Amor Fernández (por non estar presente na sesión), o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA 27/10/2022

Código do documento	Código do expediente
USG17100K0	USG/2022/198
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
005P 4Z5O 4X5X 6N58 0HOX	

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- PROPOSTA RELATIVA A NOMEAMENTO DE MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada de Participación Cidadá, Educación e Medio Rural, de data 11 de novembro do ano 2022, con código de documento UED16I003L (ditaminada favorablemente na Comisión Informativa Permanente de Facenda, Patrimonio, Administración Electrónica, Urbanismo, Participación Cidadá, Educación e Medio Rural de data 17 de novembro de 2022 con catro (4) votos a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo Político do PSdeG-PSOE, dona Marta María Iglesias Becerra, dona Jessica Méndez Sánchez, dona Susana Amor Fernández e don Mario Alfonso Iglesias Gómez e 3 abstencións do concelleiro do Grupo Partido Popular de Culleredo, don Antón Prieto García, do concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Don Enrique Antonio Chouciño Garrido, e da concelleira do Grupo Municipal Alternativa dos Veciños, dona María Alicia Ferreiro Varela, que se transcribe no seu literal:

“PROPOSTA AO PLENO MUNICIPAL DO CESAMENTO E NOMEAMENTO DE MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DO CONCELLO DE CULLEREDO

Segundo o recollido no artigo 16.b da Lei 3/86, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia e no artigo 34.2 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regula o Consello Escolar de Galicia, os Consellos escolares territoriais e municipais, en desenvolvemento da Lei 3/1986, correspóndelle á corporación municipal nomear a dez membros elixidos entre directores, representantes dos sindicatos, asociacións de empresarios, movementos de renovación pedagóxica, titulares de centros privados e concertados, especialistas en temas educativos e asociacións de veciños.

No artigo 3 do Regulamento do Consello Escolar Municipal do Concello de Culleredo, publicado no BOP nº 60 do día 14 de marzo de 2009, establécese que:” Os conselleiros que o sexan en virtude da representación que ostenten perderán a condición de tales no momento de cesar como representantes dos seus colectivos”.

Por todo isto,

PROPONSE AO PLENO MUNICIPAL:

1. Tomar nota do cesamento como membros do Consello Escolar Municipal do Concello de Culleredo, por perda da representación que ostentaban como directores de centros públicos das seguintes persoas:

- Don Juan José Platas Freire*
- Don Miguel Pena Rojas*

2. Nomear como membros do Consello Escolar Municipal do Concello de Culleredo, de acordo co artigo 3 do seu Regulamento, ás seguintes persoas polo tempo que resta ata completar o mandato:

- Don Julio César Labandeira Sánchez, director do CEIP I. Díaz Pardo*
- Don Ricardo Baamonde Couto, director do CIFP Universidade Laboral”*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

C.I.F. P-1503100-H

Código do documento	Código do expediente
USG17100K0	USG/2022/198
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
005P 4Z50 4X5X 6N58 0HOX	

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta de acordo transcrita, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 12 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Político do PSdG-PSOE (11) don José Ramón Rioboo Castro, dona María Guadalupe Pombo Carril, dona Marta María Figueroa Fuentes, don Juan Carlos Iglesias Lovelle, dona Marta María Iglesias Becerra, dona Jéssica Méndez Sánchez, don Mario Alfonso Iglesias Gómez, dona María Penélope López Díaz, don Carlos Liñares Gestal, dona Susana Amor Fernández e don Abraham Seijas González, e do concelleiro do Grupo Partido Popular de Culleredo (1), don Alfonso Rico Vereza, e **5 ABSTENCIÓNS** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (2) , don Enrique Antonio Chouciño Garrido e dona Beatriz Pérez Mosquera, e dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal Alternativa dos Veciños (3), dona María Alicia Ferreiro Varela, don Eduardo José Mourelle Botana e dona Sandra María Marzoa García, non habendo **ningún voto en contra, os ACORDOS** seguintes:

1. Tomar nota do cesamento como membros do Consello Escolar Municipal do Concello de Culleredo, por perda da representación que ostentaban como directores de centros públicos das seguintes persoas:

- Don Juan José Platas Freire
- Don Miguel Pena Rojas

2. Nomear como membros do Consello Escolar Municipal do Concello de Culleredo, de acordo co artigo 3 do seu Regulamento, ás seguintes persoas polo tempo que resta ata completar o mandato:

- Don Julio César Labandeira Sánchez, director do CEIP I. Díaz Pardo
- Don Ricardo Baamonde Couto, director do CIFP Universidade Laboral"

C.I.F. P-1503100-H

3.- RATIFICACIÓN DA INCLUSIÓN ORDE DO DÍA DE ASUNTOS NON DITAMINADOS POLA COMISIÓN INFORMATIVA.

Dende a Presidencia proponse incluír na orde do día as Mocións seguintes:

3.1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE CULLEREDO RELATIVA Á COBERTURA DO POSTO DA SECRETARÍA MUNICIPAL DE CULLEREDO.

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA, coa INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA, por UNANIMIDADE dos concelleiros e concelleiras presentes.**

Solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, don Enrique Antonio Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede a dar lectura a moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo que se transcribe a continuación:

"En Culleredo acaba de quedar vacante o posto de Secretaría Municipal por segunda vez en poucos meses.

A Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime local consagrou como funcións necesarias en todas as Corporacións Locais e, reservadas a funcionamento de Administración Local con habilitación de carácter estatal, as funcións de Secretaría que comprenden a fe pública e o asesoramento legal preceptivo.

Non ter cuberto ese posto implica unha parálise na actividade municipal, xa de por si moi mellorable.

Código do documento	Código do expediente
USG17100K0	USG/2022/198
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
005P 4Z5O 4X5X 6N58 0HOX	

Procede actuar canto antes para que o posto quede cuberto en condicións definitivas, tomar as iniciativas que o procedemento legal permita e poñer as menores restricións posibles para evitar que puidera quedar deserta a súa cobertura nun eventual concurso.

Tal como detallamos no reverso, a lexislación prevé solucións para dar cobertura definitiva a estas vacantes sobrevidas e permite unha actitude proactiva para que a corporación municipal solicite expresamente que a vacante se inclúa no próximo concurso, tanto na súa forma de concurso unitario como a variante de concurso ordinario.

Por todo isto o BNG quere propoñer ao Pleno da Corporación para a súa deliberación e aprobación a seguinte proposta:

1. Demandar do Ministerio de Hacienda e Función Pública que o posto de Secretaría Municipal de Culleredo:
 - a. Se inclúa no primeiro concurso unitario que se convoque.
 - b. Subsidiariamente, que de non chegarse a tempo para a inclusión en concurso unitario, se inclúa o posto no primeiro concurso ordinario sen incluír baremo específico.
2. Este acordo será comunicado ao Ministerio de Hacienda e Función Pública e á Xunta de Galiza.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Solicita o uso da palabra a concelleira do Grupo Político do PSdeG-PSOE, Sra. Figueroa Fuentes quen, unha vez concedido, di que quere aclarar que xa está realizada a petición dun funcionario de habilitación de carácter nacional para que se incorpore ao Concello en comisión de servizos porque consideran que é a forma máis rápida de provisión da praza e di que o goberno municipal está pendente da autorización da Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Facenda e Función Pública e que, en paralelo, estanse a redactar as bases do concurso ordinario para instar a cobertura da praza; di que as bases estarán elaboradas ao longo dos próximos días e que se remitirán á Xunta a ao citado Ministerio para que a inclúan na convocatoria; engade a Sra. Figueroa Fuentes que a intención do goberno municipal é a axilidade porque o procedemento unitario que propón o BNG non saíra ata o mes de abril polo que o Concello de Culleredo estaría uns meses sen habilitado nacional e que por este motivo o voto do seu Grupo será en contra.

A continuación solicita de novo o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que lle gustaría aclarar unha cuestión pois a Sra. Figueroa Fuentes amosa a intención de cubrir a praza en comisión de servizos e engade que o BNG deixou ben claro na exposición de motivos que do que se trata é de darlle unha solución á cobertura definitiva e que a comisión de servizos é outra vez unha cobertura temporal e que por iso cre que para nada está mal feito o que propón o BNG; di que o goberno municipal indica que xa se solicitou incluír a praza no concurso ordinario e aclara que, se non ten mal entendido, o concurso ordinario é o que se fai no mes de xuño e di que por este motivo o seu Grupo solicita que se inclúa no primeiro concurso unitario, que é un concurso que ten unhas especificidades e que se convoca no último trimestre do ano polo que, se se aproba a proposta que se presenta neste punto e se comunica con celeridade ao Ministerio de Hacienda y Función Pública, poderíase chegar a tempo para que se incluíra xa agora, adiantando uns meses porque no último trimestre do ano convócase un unitario e a mediados de ano convócase o ordinario co que coa proposta que se presenta adiantaríanse uns meses, e solicita que se aprobe a proposta do BNG.

De seguido a Sra. Figueroa Fuentes di que o Sr. Chouciño Garrido non está a concretar ben as datas e que os procesos unitarios saen no mes de abril polo que, se se apoia a moción que se presenta neste punto e se solicita a inclusión no proceso unitario e logo o ordinario que xa está en proceso, Culleredo non tería un funcionario habilitado nacional ata o mes de abril e que por este motivo o goberno municipal quere facer unha comisión de servizos ata que saia o proceso ordinario, xa sexa un habilitado nacional que ocupe a praza de forma definitiva ou que a persoa que ocupa a praza queira quedarse e, desta forma, o Concello terá un secretario provisional ou accidental ata o mes de abril, en que saíra o concurso unitario, e di que considera que esta é a forma máis áxil e é a que decidiu o equipo de goberno para cubrir a praza coa maior premura posible mentres non sae o concurso ordinario.

Código do documento	Código do expediente
USG17100K0	USG/2022/198
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
005P 4Z5O 4X5X 6N58 0HOX	

A continuación solicita novamente o uso da palabra o voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que vai repetir a parte dispositiva que di o seguinte:

“1. Demandar do Ministerio de Hacienda e Función Pública que o posto de Secretaría Municipal de Culleredo:

a. Se inclúa no primeiro concurso unitario que se convoque.”

(neste momento incorpórase á sesión o concelleiro do Grupo Partido Popular de Culleredo don Antón Prieto García)

Di o Sr. Chouciño Garrido que a convocatoria do concurso unitario é nos últimos meses de cada ano, o que quere dicir que é agora, e engade que se se aproba o acordo que se propón neste punto, poderíase notificar con premura e chegar a tempo para a convocatoria do concurso unitario desta data, o que non quere dicir que non se poida cubrir de momento a través dunha comisión de servizos temporal porque unha cousa é cando se fai a convocatoria e outra cando se cubre o posto; di que no punto b) a proposta recolle a palabra subsidiariamente, o que quere dicir que ese punto b) só se levaría a cabo no caso de que non se chegara a tempo para o que se solicita no punto a), e no caso de que non se puidera chegar a tempo para a súa inclusión no concurso unitario, incluíriase no primeiro concurso ordinario sen incluír baremo específico, e aclara que o seu Grupo propón non incluír baremo específico coa intención de poñer as menores restricións posibles para axilizar o proceso; di que se o Concello agarda a incluír o posto no primeiro concurso ordinario que se convoca a metade de ano iso implicará que se estea cerca dun ano sen darlle unha cobertura definitiva ao posto de Secretaría que ten as funcións de fe pública e asesoramento legal preceptivo, polo que lle parece moi importante que, en vez de retrasar un ano a cobertura definitiva, se tarde só seis meses pois antes non se pode, e repite que nin dunha forma nin da outra se impide para nada que se cubra de forma provisional cunha comisión de servizos; di que xa se podería ter incluído no concurso unitario desde que está cuberta xa de forma provisional e que pensa que non se fixo.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que considera que as posturas están claras, e somete a votación ordinaria a moción presentada polo BNG, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 5 (cinco) dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (2), don Enrique Antonio Chouciño Garrido e dona Beatriz Pérez Mosquera, e dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal Alternativa dos Veciños (3), dona María Alicia Ferreiro Varela, don Eduardo José Mourelle Botana e dona Sandra María Marzoa García.

Votos en contra: 11 (once) dos concelleiros e concelleiras do Grupo Político do PSdG-PSOE, don José Ramón Rioboo Castro, dona María Guadalupe Pombo Carril, dona Marta María Figueroa Fuentes, don Juan Carlos Iglesias Lovelle, dona Marta María Iglesias Becerra, dona Jéssica Méndez Sánchez, don Mario Alfonso Iglesias Gómez, dona María Penélope López Díaz, don Carlos Liñares Gestal, dona Susana Amor Fernández e don Abraham Seijas González,

Abstencións: 2 (dúas) dos concelleiros do Grupo Partido Popular de Culleredo, don Alfonso Rico Verea e don Antón Prieto García.

Á vista do resultado da votación, a moción transcrita non resulta aprobada.

3.2.- MOCIÓN INSTITUCIONAL CO MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER 25 DE NOVEMBRO DE 2022.

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE dos concelleiros e concelleiras presentes**.

A continuación a Presidencia solicita que o Sr. secretario xeral accidental proceda á lectura da moción institucional que se presenta neste punto, asinada polos voceiros e voceiras dos Grupos Políticos PSdG-PSOE, PP, BNG e Alternativa dos Veciños, e di que se engade no texto inicial, despois da exposición de motivos, na relación de grupos que asinan a moción, ao Grupo BNG porque por erro non figura aínda que si aparece asinada polo seu voceiro.

Código do documento	Código do expediente
USG17100K0	USG/2022/198
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
005P 4Z50 4X5X 6N58 0HOX	

De seguido o Sr. Varela Tejedor dá lectura ao texto que se transcribe a continuación:

**“MOCIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO
DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER**
25 de novembro de 2022

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas, co ánimo de poñer o foco na violencia que se exercía contra as mulleres polo feito de selo, en 1999 decidiu declarar o 25 de novembro como Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Ínstasenos a todas e todos á tarefa de concienciación e sensibilización.

Os Concellos, Deputacións Provinciais, Cabildos e Consellos Insulares queremos manifestar a nosa repulsa cara todas as formas de violencia recollidas no Convenio de Istambul e sumámonos a todas as voces que claman por un futuro en igualdade e libre de violencias.

Mais de 1.160 mulleres morreron asasinadas pola súa parella ou exparella desde que hai rexistro en 2003. Asasinadas por ser mulleres. Debemos sumar a esta arrepiente cifra todas aquelas violencias exercidas contra as mulleres e sinaladas no citado Convenio. Son perdas inasumibles nunha sociedade avanzada e moderna. Estamos ante unha cuestión de Estado, de saúde pública e un grave atentado aos Dereitos Humanos.

Temos diante unha realidade innegable que nos interpela a todos e todas a unha acción firme en prol da erradicación da violencia contra as mulleres e das actitudes sociais que a toleran, a xustifican ou mesmo a banalizan, debemos intensificar esforzos para combater o machismo e condenar tódalas actitudes, prácticas e condutas que consenten e reproducen as violencias machistas.

A lexislación española tivo importantes avances normativos chegando a contar cunha lexislación que é un referente para moitos Estados, sendo España o primeiro en acordar, en 2017, un Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. É tempo de que a sociedade tome conciencia e interiorice que, como dixo a Organización das Nacións Unidas, a violencia contra as mulleres é unha vulneración dos dereitos humanos que alcanza proporcións pandémicas.

Observamos con preocupación o aumento no noso país do número de mulleres que teñen algún sistema de seguimento policial, de iguai maneira o incremento de menores en situación de vulnerabilidade, xa que a violencia que sofren as nais esténdese a eles. Alertamos do aumento da violencia vicaria (47 menores desde 2013) e mostramos a nosa preocupación polo desamparo que sofren os orfos e orfas.

Aínda que pareza obvio, quizais non estea de máis lembrar que as mulleres non desexan ser vítimas, non desexan ser valentes, queren ser simplemente libres.

Por todo iso, os grupos políticos do concello de Culleredo, PSdeG-PSOE, PP, BNG e Alternativa dos Veciños:

- Adherímonos á Declaración Institucional aprobada pola FEMP.
- Ratificamos no noso compromiso co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, e lembramos a necesidade de continuar avanzando no seu desenvolvemento, así como o especial papel que xogan os Concellos.
- Debemos seguir traballando na ruptura do silencio, a sensibilización e concienciación á cidadanía do problema estrutural da sociedade que supón a violencia machista.
- Instamos a mellorar a coordinación continua entre os diversos axentes sociais implicados na violencia contra as mulleres. Debemos mellorar a resposta institucional a todos os niveis, evitando o risco de victimización secundaria e mellorando a confianza das vítimas.
- Demandamos a utilización de todos os recursos que sexan necesarios na asistencia, axuda e protección das vítimas, os seus fillos e fillas.
- Debemos impulsar o debate social para que o público deixe de ser privado. Os Concellos somos a maioría das veces o primeiro recurso e, en ocasións, o único do que dispoñen as mulleres en procura de reparo e denuncia da violencia que sofren.

Código do documento	Código do expediente
USG17100K0	USG/2022/198
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
005P 4Z5O 4X5X 6N58 0HOX	

- Cremos de suma importancia dar un impulso á formación dos axentes implicados para garantir unha resposta especializada e integral ás vítimas.”

3.3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOLICITANDO SUBVENCIONS PARS AS ASOCIATIONS QUE RECORRAN AO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO O PLAN DIRECTOR DO AEROPORTO.

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA, coa INCLUSIÓN DA MOCIÓN NA ORDE DO DÍA, por UNANIMIDADE dos concelleiros e concelleiras presentes.**

Solicita o uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, procede a dar lectura a moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo, que se transcribe a continuación:

“Enrique Antón Chouciño Garrido, na súa cualidade de Voceiro do Bloque Nacionalista Galego na Corporación do Concello de Culleredo, de acordo coa lexislación en vigor e en nome do Grupo Municipal do BNG de Culleredo, presenta para o seu debate polo Pleno a seguinte

MOCIÓN

Despois de ter acordado a corporación municipal por unanimidade en sesión plenaria ordinaria do mes de outubro pasado o presentar recurso contencioso-administrativo contra a Orden Ministerial TMA/975/2022, de 22 de setembro, por la que se aprueba la revisión del Plan Director del Aeropuerto de A Coruña. publicada o pasado 17 de outubro no BOE; desde o grupo municipal do BNG contactamos con asociacións que no pasado se teñen pronunciado en forma de alegacións e mobilizacións sobre as afectacións para a veciñanza dos sucesivos procesos encol do aeroporto.

As asociacións están valorando presentar tamén as súas propias accións de recursos contencioso-administrativos.

Que haxa máis entidades sociais a parte da corporación municipal que presenten a súa discrepancia respecto do Plan Director que por outro lado xa foron expresadas e formalizadas previamente en alegacións e que van en liñas moi semellantes, é unha boa noticia sobre a saúde do tecido asociativo e a sociedade do noso municipio.

Os beneficios que se acadarían polas súas iniciativas van repercutir en toda a veciñanza de Culleredo e por tanto os custos que van soportar estas asociacións non deberían deixarse só aos seus fondos. Trátase dunha singularidade que debemos abordar como tal e darlle un tratamento diferenciado en canto a, en que pode colaborar a corporación municipal para axudarlles.

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno da Corporación para o seu debate e, se procede, aprobación dos seguintes

ACORDOS

1. Que se dote nos orzamentos de 2023 unha partida para das cobertura a unha liña de subvencións para as asociacións que concorran ao procedemento contencioso-administrativo contra a Orden Ministerial TMA/975/2022.

2. Que se incoe de inmediato un expediente de creación dunha liña de subvencións extraordinarias e separadas e compatibles coas ordinarias que viña habendo ata hai uns anos, para asociacións que se presenten como afectadas e que inicien procedemento contencioso-administrativo contra a Orden Ministerial TMA/975/2022, nas que:

a. Se determinen as bases coas que cubrir os custos dos procedementos contencioso-administrativos que emprendan.

b. Se incorpore a forma na que ir anticipando ou dando cobertura inmediata aos pagos que vaian facendo dos gastos de soporte xurídico devengados.”

Código do documento	Código do expediente
USG17100K0	USG/2022/198
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
005P 4Z5O 4X5X 6N58 0HOX	

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra o concelleiro do Grupo Partido Popular de Culleredo, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que unha vez máis se traen mocións ao pleno alegando que é polo ben dos veciños e pretendendo que todos a aproben sen antes consultar con eses todos, prometéndolle aos veciños que o Concello lles vai axudar e que, como concelleiro, os vai a apoiar cando, unha vez máis, como sempre, o que se vende é fume; di que o Sr. Chouciño Garrido pretende que o Concello saque unha liña de subvencións e de axudas sen ter claras as bases, e di que, se continúa o proceso e se para polo medio, non se especifica, se hai condena en costas, quen asume esa condena, quen cobra esas costas, se se reintegran polo Concello ou quen asume os gastos, como fai o avogado ou o procurador neste caso para emitir unha minuta porque as subvencións hai que emitilas contra un gasto, que se minuta por un servizo dun xuízo inacabado porque é un proceso que se estende durante anos e, no momento de emitir esa minuta, que porcentaxe do pagamento lle corresponde á asociación e que parte lle corresponde ao Concello, sendo o máis importante que a xente referida na proposta busca o que considera máis xusto e di que será o Xulgado o que diga o que é xusto ou inxusto porque cada un pode ter a súa propia opinión e para dirimilo están os xuíces, non os políticos; di que se os veciños teñen razón xa haberá unha condena en costas e se determinará o dano económico que tiveron os veciños e se lle requirirá a Aena para que lle efectúe o pagamento aos veciños; di que o Sr. Chouciño Garrido pretende entrometerse e crear unha liña de axudas específicas para dúas, tres ou unha asociación, non sabéndose moi ben o que promete, e lle di que non poden pretender que o resto de grupos políticos apoie algo que non ten base técnica ningunha detrás; di que unha cousa é sacar unha liña de axudas de estudio xurídico ou financiar ou axudar de calquera maneira a efectos xurídicos ás asociacións e se lles dote de profesionais no Concello para que se lles asesore durante o proceso, e outra financiar procesos contencioso-administrativos de asociacións ou particulares porque iso non se pode aprobar, máxime cando o Sr. Chouciño é o defensor da legalidade e das cousas ben feitas.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que desde o Concello se está a tramitar a contratación dunha asistencia técnico-xurídica para elaborar un informe sobre a viabilidade procesal dun recurso contencioso-administrativo contra a orde ministerial pola que se aprobou a revisión do Plan Director de Alvedro e, unha vez que sexa determinada dita viabilidade, como paso previo, o propio Concello, se así se decide en dito informe, interporá un recurso contencioso-administrativo cuxo resultado tamén redundará en beneficio de todos os veciños e veciñas de Culleredo; di que, por outra parte, existe unha plataforma de afectados pola ampliación do Aeroporto de Alvedro que está constituída expresamente para a defensa dos intereses dos afectados e á que o Concello lle vai prestar toda a colaboración que lle solicite e que se poida achegar, poñendo a súa disposición os informes que se emitan pola asistencia técnica da que falou para que os poidan empregar nas accións xudiciais que estimen pertinentes polo que o goberno municipal non ve necesario convocar unha liña de subvencións ás asociacións para esa finalidade exclusiva porque os intereses dos afectados e afectadas xa serán defendidos a nivel asociativo pola plataforma existente.

De seguido solicita novamente o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que lamenta moito que se entendan tan mal as propostas do seu Grupo e di que o lamenta sobre todo porque pensa que van ben explicadas e que o goberno municipal fai un artificio para darlle a volta ao que non se di e rexeitar; di, dirixíndose ao Sr. Antón Prieto, que el lles di que non consultan co seu Grupo as mocións e lle pregunta se o Partido Popular consulta co Bloque as mocións que leva ao Pleno e engade que si se pode facer pero que non é imprescindible e lle di ao Sr. Prieto que el ten a moción desde o pasado venres en que se levou á Xunta de Voceiros e puido lela, informarse, asesorarse sobre se o Bloque tiña razón ou non, e que non é preceptivo que o Bloque chame por teléfono ao resto de grupos para ver se a moción vai para diante ou non; di que hai unha formalidade para presentar as propostas e que se presentan por Rexistro, se levan á Xunta de Voceiros e se poñen a disposición de toda a Corporación desde o momento en que se fai a convocatoria do Pleno, engadindo que non ve onde está o problema porque o que se propón é que se incoe de inmediato un expediente de creación dunha liña de subvencións e aclara que incoar é o mesmo que iniciar e que por iniciativas similares xa se falou desta cuestión máis veces; di que o Partido Popular dixo que o BNG trae mocións por traer cando a realidade é que o BNG trae mocións que lles parece que melloran a vida da cidadanía e lle di ao Sr. Prieto García que o seu Grupo trae menos e que non sabe por que, supoñendo que terán outro criterio de selección; repite que incoar é iniciar e polo tanto do que se trata é de abrir unha carpeta á que se lle dá un número de expediente e aí ir metendo todo o necesario como solicitudes de informes xurídicos, económicos, técnicos, que indiquen se o que se propón é viable, enviándoos aos respectivos servizos para que informen se é posible facelo ou non e se é a forma máis correcta ou hai outras mellores; di que a proposta é para o 2023 e que se trata de dar cobertura aos gastos iniciais.

Código do documento	Código do expediente
USG17100K0	USG/2022/198
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
005P 4Z5O 4X5X 6N58 0HOX	

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e di que a Sra. Iglesias Becerra recordaba na súa intervención que xa se vai achegar asesoramento xurídico e di que supón que iso non quererá dicir que o servizo xurídico municipal vai presentar un contencioso-administrativo en nome das asociacións porque xa se acordou no Pleno que cada un presentaría o seu, o Concello presentaría un cos seus propios argumentos e as asociacións poden presentar os seus coa súa propia argumentación, no seu propio nome e co seu propio avogado e procurador, engadindo que non sabe a que vén ese intento de confusión dicindo que o goberno municipal xa lle dá asesoramento xurídico á veciñanza; di que son moitas as veces nas que tanto o Concello como as asociacións e incluso persoas a nivel individual teñen subscrito alegacións que fan sempre en liñas moi parecidas e que non lle parece precipitado dicir que o feito de que haxa máis interesados que interpoñan os seus propios recursos contencioso-administrativos ademais da Corporación municipal sería por un lado un indicio de boa saúde do tecido asociativo e, por outro lado, beneficioso para todos porque hai unha mostra suficientemente representativa e recorda as alegacións que houbo ao plan xeral que foron nun número bastante voluminoso no 2018 e, no que respecta á pegada sonora, cre que foron unhas 700 alegacións, polo que considera que a proposta do BNG é perfectamente asumible e perfectamente factible desde o punto de vista de que está propoñendo iniciar o expediente e puidera ser que nese inicio se dixera que non se pode seguir pero no caso de que houbera continuidade ten que haber un órgano resolutorio engadindo que non sabe se sería o Pleno ou a Xunta de Goberno Local ou o Alcalde e repite que a moción que se presenta non trata dunha conclusión senón dun inicio, unha competencia plenaria, polo que non lle ve o problema.

Remata a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido dicindo que, por último, quere agradecer ao Sr. Prieto García as palabras que dixo sobre que o BNG é o defensor da legalidade e das cousas ben feitas, e lle di que supón que sería un lapsus porque do contrario, se se deixa iso nas mans do BNG, tería que explicar o Sr. Prieto que fan no pleno os membros do Partido Popular.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que cando se pediu o apoio do Partido Popular para que o Concello tomase medidas no procedemento xudicial o Partido Popular apoiouno porque entendeu que era polo ben dos veciños e o Partido Popular sempre apoiará aquilo que redunde en beneficio dos veciños e veciñas e engade que non pretende que o BNG lle chame por teléfono para explicarlle cada proposta que vai presentar senón que o que quixo dicir é que se se trae unha moción con certa forma e se pretende o apoio de todos os grupos o que hai que facer é consensuar cos demais grupos non xa se lle van dar apoio e non só dos membros do goberno senón tamén dos membros da oposición e marcar un criterio unísono porque o que o BNG presenta neste punto é unha moción vacía e carente de sentido e se lle fixeron varias preguntas que non respondeu, preguntándolle como se pode entender que se lle dea resposta aos veciños cando non se dá aos membros da oposición e pregunta de novo que pasa coas costas xudiciais, ata que punto cubre a subvención, ata que punto minutan ou non o letrado e o procurador; di que iniciar o expediente é unha intención política pero que se trata neste caso de iniciar un expediente en relación co orzamento do 2023 e que o primeiro será iniciar o expediente e ver todas as consecuencias técnicas e xurídicas, que haxa unha resolución sobre dito expediente, facer unha liña inicial de proposta para as subvencións e aprobala en pleno, iniciar todo o procedemento administrativo, publicar as subvencións, fixar as bases de publicación das subvencións baixo os criterios de igualdade e libre concurrencia, cunha fase de alegacións e de recursos, e engade que hai outras medidas para axudar na loita dos veciños polo que lle pide que acepte retirar esta moción e darlle unha volta e darlle forma para poder traela noutro pleno e que o Concello fixe unha liña de axudas económicas para as asociacións pero que se pida que o Concello colabore cos veciños e se lles brinde certo asesoramento é outra cousa e remata preguntando para que se van iniciar expedientes se nin tan sequera se sabe se van ter recorrido ou non.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que, como xa dixo, existe unha asistencia técnico-xurídica que elaborará un informe de viabilidade en base ao cal o Concello presentará un recurso contencioso-administrativo, salvagardando os intereses de todos os veciños e veciñas de Culleredo porque o Concello de Culleredo non pon un recurso en nome dunha asociación senón que o fai en defensa de todos os veciños e veciñas e afectados e afectadas; di que o Sr. Chouciño comentou que houbo máis de 700 alegacións á pegada sonora e lle pregunta se pretende poñer 700 recursos contencioso-administrativos; di que o Sr. Chouciño comentou tamén que todas as alegacións ían en liñas moi similares polo que di que non lle parece nin economía procesal nin atopa ningún outro tipo de xustificación para interpoñer máis recursos en defensa das mesmas liñas de actuación e engade que se está a falar da interposición dun recurso contencioso-administrativo, non dunha recollida de firmas nin dunha manifestación ou dunhas simples alegacións engadindo que os xulgados están colapsados e o que interesa é que todos os beneficios redunden nos veciños e veciñas de Culleredo e di que o que pretende o Sr. Chouciño é que se saque unha subvención "ad hoc"

Código do documento	Código do expediente
USG17100K0	USG/2022/198
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
005P 4Z5O 4X5X 6N58 0HOX	

para que cada asociación ou non sabe se cada veciño poida interpoñer cada un o seu recurso, recordándolle ao Sr. Chouciño Garrido que el sempre se opuxo a esas subvencións extraordinarias cando noutros anos o goberno municipal as ten convocado, facendo sempre alegacións contra elas dicindo que non se podían levar a cabo.

De seguido solicita novamente o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, lle di ao Sr. Prieto García que se desexa pode presentar emendas e que non fixo falta que o chamara por teléfono para consensuar nada porque ten a proposta e pode presentar as emendas que considere oportunas porque o lugar para o debate é o pleno e, aínda que moitas veces non se fai nos órganos representativos, ese é o lugar onde hai que debater; que o Sr. Prieto di que se trataría dun procedemento moi longo e lle di que ao igual que no resto de procedementos e administracións e non hai por que tratar a proposta que se presenta de forma diferente a como se fai sempre, e que o Sr. Prieto di tamén que hai outras medidas pero non dixo cales e que propuxo tamén que se deixara a moción para outro pleno, respondéndolle que a orde referida publicouse o 17 de outubro e hai dous meses para presentar o recurso contencioso-administrativo, polo que vence o 17 de decembro e o próximo pleno ordinario será o último xoves de decembro polo que xa se estaría fora de prazo para presentar o recurso contencioso-administrativo; que o Sr. Prieto García dixo tamén que para que se ía iniciar o expediente e lle responde que as asociacións están mirando tamén polo ben común e se trata de que non teñan que vender lotería de Nadal co 20% de recargo para financiar o contencioso-administrativo ou que saíra só dos fondos dos seus socios porque beneficiaría a todos.

Segue a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido e, dirixíndose á Sra. Marta Iglesias, lle di que ela dixo que o Concello xa presentará e lle comenta que el se alegra moito diso e que xa falará desa cuestión na quenda de rogos e preguntas; que ela preguntou se o BNG pretende que se poñan 700 recursos contencioso-administrativos, tantos como alegacións houbo á pegada sonora, e lle di que, volvendo ao texto que presenta, fálase de asociacións e non houbo 700 alegacións de asociacións, falando de asociacións que se destacaran por terse movilizadas tanto na rúa como en forma de trámites administrativos como alegacións, rogando que non se faga caricatura e se pregunte se se pretenden 700 axudas porque non é así; que a Sra. concelleira dixo na súa intervención que o Concello xa presentará o seu recurso contencioso-administrativo e lle responde que se hai asociacións que presentan o seu propio recurso contencioso-administrativo levarán a súa propia estratexia e que ela sabe que á hora dun pleito cantas máis estratexias haxa máis probabilidades hai de acertar porque ás veces se escolle unha liña que non é a máis acertada, tal e como se está a ver agora no proceso do Alvia, e engade que para o BNG é positivo que haxa asociacións que, en paralelo ao recurso presentado polo Concello, presenten o seu propio recurso coa súa propia estratexia e, respecto do que dixo sobre a saturación dos xulgados, lle di que ese non é un criterio para decidir se se presenta ou non un recurso porque os xulgados están para realizar o traballo que se lles presente; que a Sra. Iglesias advertía tamén na súa intervención que o BNG sempre se opuxo a estas liñas de subvencións e lle responde que o BNG se ten destacado por defender sempre que as liñas de subvencións nominativas que se recollían nos orzamentos se poderían facer con libre concurrencia, e aclara que así o está a facer a Deputación, e se se quere prestar un determinado apoio a unha determinada cuestión pódese facer por libre concurrencia e todas aquelas asociacións que cumpran un determinado obxectivo poderán solicitar a súa axuda e non limitar esta axuda a unha asociación en particular e di que isto é o que propón o BNG na moción que presenta neste punto porque non está propoñendo que se saque unha liña de subvencións nominativas e engade que se isto non quedou claro no texto pódese incluír que se trata de subvencións de concurrencia competitiva.

Remata a súa intervención o Sr. Chouciño Garrido dicindo que considera que quedou ben claro a postura do BNG e que non se sosteñen as réplicas realizadas tanto polo Partido Popular como polo PSdeG-PSOE, agardando que reconsideren a súa posición e voten a favor da moción que se presenta.

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que considera que a moción está suficientemente debatida e que quere aclarar que o goberno municipal reuniuse, con anterioridade á presentación da mesma, coas asociacións que querían coñecer o posicionamento do Concello e facer as súas demandas e xa se lles expuxo o modo en que o Concello colaboraría e foi aceptado integramente polos afectados que están baixo o paraguas da plataforma.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a moción presentada polo BNG, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: 2 (dous) dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego de Culleredo (2), don Enrique Antonio Chouciño Garrido e dona Beatriz Pérez Mosquera,

Votos en contra: 11 (once) dos concelleiros e concelleiras do Grupo Político do PSdG-PSOE, don José Ramón Rioboo Castro, dona María Guadalupe Pombo Carril, dona Marta María Figueroa Fuentes, don Juan Carlos Iglesias Lovelle, dona Marta María Iglesias Becerra, dona Jéssica Méndez Sánchez, don Mario Alfonso Iglesias Gómez, dona María Penélope López Díaz, don Carlos Liñares Gestal, dona Susana Amor Fernández e don Abraham Seijas González,

Abstencións: 5 (cinco) dos concelleiros do Grupo Partido Popular de Culleredo, don Alfonso Rico Vereá e don Antón Prieto García e dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal Alternativa dos Veciños (3), dona María Alicia Ferreiro Varela, don Eduardo José Mourelle Botana e dona Sandra María Marzoa García.

Á vista do resultado da votación, a moción transcrita non resulta aprobada.

4.- ACTIVIDADE DE CONTROL AO PLENO.

4.1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA E CONCELLERÍAS DELEGADAS.

A Presidencia dá conta da proposta da Alcaldía de data 21 de novembro de 2022 (código de documento USG16I04LE), que se transcribe no seu literal:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 24/11/2022

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta á Corporación das Resolucións da alcaldía e concellerías delegadas ditadas, desde a última sesión plenaria ordinaria, que corresponden ás Resolucións con números e datas seguintes: **1911/2022**, do 24 de outubro de 2022, á **2175/2022**, do 17 de novembro de 2022, ambas as dúas incluídas, e que son as seguintes:

NÚMERO	DATA	DESCRICIÓN	DOCUMENTO
1911/2022	24/10/2022	RESOLUCION LICENCIA PARA CONSTRUCCION NAVE INDUSTRIAL A FRIO CORUÑA S.L. EN RUA MOURELOS PARCELAS 12 E 29 - ALVEDRO	UAU16I02GY
1912/2022	24/10/2022	CONCEDENDO A, A.R.H.S, LICENZA PARA A AGRUPACION E SEGREGACION DAS PARCELAS A E B SITUADAS NO LUGAR LAMELAS - VEIGA	UAU16I02GT
1913/2022	24/10/2022	SUPLENCIA ALCALDIA 24-10-2022	USG16I03XE
1914/2022	24/10/2022	NOMEAMENTO DE V.E.S.O. FUNCIONARIA INTERINA DE DEPORTES.	UPO16I01X3
1915/2022	24/10/2022	Aprobación expediente de contratación obra Mellora da seguridade viaria na antiga N-550, tramo Corveira	UCP16I01BC

C.I.F. P-1503100-H

